



1. DATOS DA ACTIVIDADE

NOME: Formación en horta ecolóxica

CONVOCATORIA: AUTONOMICO, 2ª conv

GRUPO: Consellería de Medio Rural

ÁREA: Consellería de Medio Rural

CUALIFICACIÓN: APROVEITAMENTO

PLAN: F. FINALISTAS

HORAS: 20

ADMINISTRACIÓN: AUTONÓMICA

ESTADO: CONVOCADO

ANO: 2025

MOD.IMPARTICIÓN: PRESENCIAL

TIPOLOXÍA: ESPECÍFICO

EDICIÓNS: 1

DATA MATRÍCULA: Do 28/05/2025 - 09:00h ao 03/06/2025 - 14:00h

2. DESCRICIÓNS

DESCRINCIÓN CURSO

A produción ecolóxica na horta ten un importante compoñente técnico que moitas veces é esquecido polos responsables de asesorar as explotacións agrarias. Moitas veces se considera que para cumprir co regulamento é bastante con adoptar prácticas tradicionais ou ben a mera substitución de insumos prohibidos por permitidos. Son moitas as tendencias de produción de horta ecolóxica que mediante receitas sinxelas tratan de axudar aos produtores ecolóxicos, esquecendo en moitos casos unha base científica e que os poden levar a fracasar nas súas producións e que non sexan rendibles. Neste curso trataremos de dar un pequeno repaso as prácticas que deben adoptar os produtores ecolóxicos de horta, abordando tanto os aspectos técnicos como legais para que os responsables do seu asesoramento sexan conscientes dos retos aos que os agricultores se enfrontan.

DESTINATARIOS

- Persoal técnico da Axencia Galega da Calidade Alimentaria.
- Persoal técnico das Oficinas Rurais.
- Persoal técnico da Consellería do Medio Rural.

PROGRAMA

- 1) TÉCNICAS DE CULTIVO HORTÍCOLA (11 horas)
 1. Manexo do solo e dos residuos xerados na explotación
 - Manexo do solo
 - Materia orgánica e fertilización
 - Proceso de compostaxe e compost
 - Uso do compost: emenda, fertilizante, substrato de cultivo
 2. Operacións de cultivo, rega e manexo de invernadoiros
 - Asociacións
 - Rotacións
 - Malas herbas
 - Manexo da rega
 - Control climático
 - Manexo invernadoiros
 3. Manexo de substratos para a produción de plantóns hortícolas
 - Tipos de substratos
 - Uso de bandexas de alveolos
 - Corrección física: mesturas
 - Corrección química: encalado e fertilización
 4. XIP en cultivos hortícolas
 - Aspectos xerais da XIP

- Prácticas sempre prohibidas
- Prácticas importantes na diminución de organismos nocivos
- Manexo das enfermidades máis representativas
- Manexo das pragas máis representativas
- Control alternativo para malas herbas
- Solarización, biofumigación, solarización + biofumigación
- Rotacións de cultivos
- Propiedades alelopáticas das plantas
- Enfermidade vs. fisiopatía

2) NOVAS TENDENCIAS DE PRODUCCIÓN HORTÍCOLA (1 hora)

Agricultura rexenerativa, sintrópica, permacultura, e outras

3) CADERNO DIXITAL (1 hora)

Práctica de emprego de caderno dixital orientado á produción ecolóxica.

4) LEXISLACIÓN PARA HORTICULTORES (4 horas)

Normativa específica para produción ecolóxica. Sustancias autorizadas en horta ecolóxica segundo normativa vixente
Normativa sectorial de aplicación a produción ecolóxica: real decreto de uso sostible de fitosanitarios. Real decreto de nutrición sostible. Outras normativas en vigor. Caso práctico de normativa para produción ecolóxica.

5) VISITA TÉCNICA DIVULGATIVA á Estación Agrícola Experimental do Baixo Miño (AGACAL) en Salceda de Caselas- Pontevedra (3 horas)

CRITERIOS DE SELECCIÓN

Criterios xerais da EGAP, segundo a Resolución do 10 de maio de 2023, pola que se fan públicas as bases e as condicións xerais de participación nas actividades formativas (DOG núm 96, do 23 de maio de 2023).

PRIORIDADE:

- 1.- Persoal técnico da Axencia Galega da Calidade Alimentaria.
- 2.- Persoal técnico das Oficinas Rurais.
- 3.- Persoal técnico da Consellería do Medio Rural.

3. DATOS EDICIÓNS

SANTIAGO

LOCALIDADE: Santiago de Compostela

INICIO / FIN: 10/11/2025 a 12/11/2025

NUM. PRAZAS: 30

ESTADO: NORMAL - (DIPLOMAS EM.)

DATA EXAME: 12/11/2025 ás 17:30h

DOCENTES NOMEADOS

Noelia López López

MANUEL MARÍA CANCIO ÁLVAREZ

SANDRA MARÍA RODRÍGUEZ VILA

JOSE LUIS MORENO MONZO

Ramón Jesús Lamelo Otero

LUGAR DE REALIZACIÓN DO EXAME

AULA 3 (Informática): O día 10 de novembro de 16:00 a 19:00. EGAP, Rúa Madrid, 2-4, CP15707, SANTIAGO DE COMPOSTELA

AULA 8: Os días 10, 11 e 12 de novembro de 10:00 a 14:00. O día 12 de novembro de 16:00 a 18:00. EGAP, Rúa Madrid, 2-4, CP15707, SANTIAGO DE COMPOSTELA

Sala telepresenza: O día 11 de novembro de 16:00 a 19:00. <https://egap.xunta.gal/aulavirtual>

